

A Coruña, 29 de maio de 2026

A Maternidade HM Belén faino nun 43 % e o conxunto dos centros de HM Hospitales en Galicia nun 60 %

O Hospital HM Modelo reduce a súa pegada de carbono nun 79 % nos últimos 5 anos

- Instaláronse sistemas de xeración fotovoltaica nas cubertas do Hospital HM Modelo e a Maternidade HM Belén, producindo un auto abastecemento estimado de 70.000 kWh/ano
- Tamén se actualizaron os sistemas térmicos, de ventilación e de climatización para mellorar o rendemento enerxético global, ademais de implantar un sistema de monitorización enerxética continua e de redución de emisións de gases anestésicos ao ambiente cirúrxico

O Hospital HM Modelo conseguiu reducir a súa pegada de carbono un 79 % nos últimos cinco anos, grazas á implantación de diferentes medidas orientadas a optimizar o consumo enerxético, mellorar as infraestruturas e fomentar a economía circular. Pola súa banda, a Maternidade HM Belén levou esta redución ata o 38 %, mentres que a do conxunto dos centros que o Grupo HM Hospitales ten en Galicia sitúase no 63 %.

Unha das medidas máis salientables foi a instalación de sistemas de xeración fotovoltaica nas cubertas do Hospital HM Modelo e a Maternidade HM Belén, producindo un auto abastecemento estimado de 70.000 kWh/ano.

Así mesmo, no Hospital HM Modelo actualizáronse os sistemas térmicos mediante a substitución de caldeiras convencionais por solucións de maior eficiencia como son as caldeiras de condensación orientadas á produción de auga quente sanitaria (ACS) e climatización. Tamén se incorporaron, en todos os hospitais da Coruña, arrefriadoras de última xeración, o que permitiu mellorar o rendemento enerxético global.

Tamén se optimizaron os sistemas de climatización e ventilación hospitalaria e abordouse a dixitalización integral das instalacións mediante sistemas BMS, integrando a “climatización en xestión” en todas as novas actuacións. Ademais, instaláronse recuperadores de calor nas áreas de maior demanda enerxética, como quirófanos e UCI, e dotouse os quirófanos de modos de operación

“desocupado/fóra de horario”, contribuíndo á redución do consumo sen afectar as condicións ambientais esixidas.

No que atinxe á xestión enerxética avanzada, despregouse un sistema de monitorización continua a nivel de centro, permitindo o control dos consumos e a optimización permanente.

Por outra banda, tamén se traballou na diminución das emisións de gases anestésicos ao ambiente cirúrxico, reducindo así a carga ambiental. Finalmente, substituíronse algúns dos axentes con maior impacto climático, como o desflurano, que foi substituído por sevoflurano ou por técnicas de anestesia intravenosa con menor pegada de carbono. Adicionalmente, os quirófanos contan con recuperadores de gases anestésicos, contribuíndo a reducir aínda máis o impacto ambiental asociado a estes axentes.

HM Hospitales

HM Hospitales é o grupo hospitalario privado de referencia a nivel nacional que basea a súa oferta na excelencia asistencial, sumada á investigación, á docencia, á constante innovación tecnolóxica e á publicación de resultados.

Dirixido por médicos e con capital 100 % español, conta na actualidade con 7.500 profesionais que concentran os seus esforzos en ofrecer unha medicina de calidade e innovadora, centrada no coidado da saúde e no benestar dos seus pacientes e familiares.

HM Hospitales está formado por 50 centros asistenciais: 24 hospitais, 3 centros integrais de alta especialización en Oncoloxía, Cardioloxía e Neurociencias, 5 centros especializados en Medicina da Reprodución, Saúde Ocular, Saúde Bucodental, Medicina Estética e Cirurxía Plástica e Prevención Precoz Personalizada, ademais de 18 policlínicos. Todos eles traballan de maneira coordinada para ofrecer unha xestión integral das necesidades e requirimentos dos seus pacientes.

Actualmente, HM Hospitales en Galicia dispón de 4 hospitais con máis de 260 camas e 27 quirófanos que dan resposta a todas as especialidades médicas e cirúrxicas, e conta coa máis avanzada tecnoloxía de diagnóstico por imaxe. Destacan a UCI de adultos e neonatal, os servizos de urxencias 24 horas e urxencias pediátricas, a medicina nuclear e HM Fertility Center, entre outros. Estes recursos súmanse aos do resto do grupo no conxunto de España, todos eles coa maior cualificación técnica e humana.